

Por resolución da Xerencia do 20 de febreiro de 2020 aprobouse a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao proceso selectivo convocado por resolución do 4 de febreiro de 2020 para elaborar unha listaxe de espera **da categoría profesional técnico/a especialista de investigación, especialidade química (resonancia magnética)**, da Universidade de Santiago de Compostela.

Rematado o prazo de reclamacións á listaxe provisional, o xerente resolve:

1. Aprobar e publicar a **listaxe definitiva** de persoas admitidas e excluídas ao proceso de selección.
2. Declarar admitidas as persoas aspirantes que se relacionan no anexo desta resolución.
3. Declarar excluídas as persoas que se relaciona no anexo desta resolución.

Convocar ás persoas aspirantes admitidas que non están exentas deste exercicio, para a realización do primeiro da fase de exercicios do proceso selectivo, o **día 10 de maio de 2021, ás 9:00 h, na aula 6 da Facultade de Bioloxía** (Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, Campus Vida, Santiago de Compostela)

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

O xerente

Antonio Javier Ferreira Fernández

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).
--

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 28/04/2021 13:13:42.

CSV: 051C-9CF8-4883-9C1D